# deporte de Orientación

## CAMPIONATO ESCOLAR PROVINCIAL DE LUGO 2015

**LUGO, 22 de ABRIL de 2015, 10 h**

**Recepción e clausura:** ***Pistas de Atletismo de As Pedreiras***

**Concentración:** ***aparcadoiro inferior do Pazo Universitario***

**Competición:** ***Campus Universitario de Lugo. USC.***

http://www.deportegalego.es/

http:// www.clubfluviallugo.com

http://fegado.es/

CLUB FLUVIAL LUGO

XOGADE

DEPORTE GALEGO

GALICIA SAUDABLE

XUNTA DE GALICIA

Concello de Lugo
Concellería de Deportes

PROTECCIÓN CIVIL CONCELLO DE LUGO

Cruz Roja
Lugo

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

fegado Federación Galega de Orientación

fedo Federación Española de Orientación

CSD Consejo Superior de Deportes

# CAMPIONATO ESCOLAR PROVINCIAL DE LUGO 2015

## deporte de Orientación

**Mércores, 22 de abril de 2015, 10:00 h**



**Organizan**

***Club Fluvial de Lugo* (sección de deporte de Orientación)**
***Federación Galega de Orientación* (*FEGADO*)**
***Federación Española de Orientación* (*FEDO*)**

**Patrocina**

***Secretaría Xeral para o Deporte***
**Xunta de Galicia**

**Colabora**

***Concello de Lugo.*** Concellería de Deportes. Protección Civil
***Cruz Roja.*** Lugo

**PROGRAMA:**

**Mércores, 22 de abril (na *pistas de atletismo de "As Pedreiras"*).**

**10:00-10:30 h. Recepción e control de participantes.**
**11:00 h. Saída dos primeiros corredores.**
**13:00 h. Entrega de medallas, e clausura.**

**INSCRICIÓNS:** **Data límite: xoves, 16 de abril, 22 h**

**As inscricións as fará un coordinador-seleccionador de cada centro escolar. Cubrirá debidamente o formulario oficial, e o enviará por e-mail: eugenio.rodriguez@usc.es**

**Cada centro poderá inscribir un MÁXIMO de catro equipos de cinco alumnos/as por categoría e sexo, é dicir: un equipo infantil masculino, un equipo infantil femenino, un equipo cadete masculino e un equipo cadete femenino.**

**SISTEMA DE COMPETICIÓN:**

**Realizarase unha carreira a pé por categoría na modalidade individual diurna, de distancia adecuada, con paso obrigatorio polos controis na orde indicada no mapa.**

**A clasificación será en función de invertir menos tempo en rematar o percorrido correitamente. Estabelecerase unha clasificación individual para cada categoría masculina e feminina.**

# CAMPIONATO ESCOLAR PROVINCIAL DE LUGO 2015

**ZONA DE COMPETICIÓN e MAPA:**

**A ZC é o Campus Universitario da USC en Lugo. Os autobuses estarán no párking inferior do Pazo Universitario dos Deportes.**

**O mapa foi elaborado según normas IOF por Javier Arufe en febreiro de 2012. Está actualizado en marzo de 2015. O terreo é chao e despexado, con arboledas, edificacións, muros, xardíns, e outros elementos típicos de parque urbano e semiurbano. Escala 1:4000.**

**CATEGORÍAS ESCOLARES:**

- **INFANTIL FEMININO: nacidas no 2001 -2002**
- **INFANTIL MASCULINO: nacidos no 2001 -2002**
- **CADETE FEMININO: nacidas no 1999 - 2000**
- **CADETE MASCULINO: nacidos no 1999- 2000**



**¡PROHIBIDO ENTRENAR NA ZONA DE COMPETICIÓN!**

**TROFEOS:**

- **Medallas para ós tres primeiros clasificados en cada categoría.**

**OUTRAS INFORMACIÓNS:** (600940240)

- **¡¡!! TÓDALAS CATEGORÍAS USARÁN un SISTEMA DE PINZA DE CONTROL.**
- **O nº de cada baliza irá no mapa ó lado do seu nº de orde de paso.**
- **O mapa daráse a cada participante no momento da súa saída.**
- **As distancias dos percorrridos variarán entre 2000 e 4000 m. O nº de controis variará entre 16 e 18.**
- **Seguridade: os trazados dos percorridos están pensados para evitar zonas perigosas para os participantes.**
- **Está PROHIBIDO pisar certas zonas, indicadas nos mapas.**
- **Non se usará dorsal.**
- **Vestiarios e duchas nas pistas e atletismo de As Pedreiras**

# CAMPIONATO ESCOLAR PROVINCIAL DE LUGO 2015

**¡PROHIBIDO ENTREAR NA ZONA DE COMPETICIÓN!**

## NORMAS:

**• Os participantes entrarán na zona de concentración antes das 10:30 h, donde estarán ata a súa saída, que será con chamada, sobre hora preasignada. O intervalo de saída entre dous corredores consecutivos da mesma categoría será non inferior a 1 minuto.**

**•Fixarase un tempo máximo de hora e media horas para todos os percorridos. Transcurrido ese tempo, o participante quedará descalificado, e deberá regresar inmediatamente á zona de meta.**

**•É recomendable que os participantes compitan con roupa lixeira. E teñan roupa para cambiarse ó rematar.**

**•O participante debe levar o mapa coa información dos controis, que recolle no momento en que se lle dá a saída.**

**• O participante pode levar como instrumento de orientación e medida só o seu compás, pero non é imprescindible para “manexarse”neste mapa.**

**• É obrigatorio realizar o percorrido na orde indicada no mapa, para non ser descalificado. ¡Ollo ó código da baliza!.**

**•A perda do mapa, ou o non paso por tódolos controis tamén será motivo de descalificación.**

**• Non está permitido falar nin seguir a outros corredores, pois é unha carreira individual.**

**•Todas as persoas que toman parte nunha carreira de orientación deben amosar respecto cara ós outros participantes, organizadores e espectadores.**

**• Todo competidor debe prestarlle axuda a un corredor se o ve lesionado.**

**• O corredor debe respetar a sinalización da carreira e as balizas-control.**

**•É obrigatorio pasar pola meta, aínda que se produza o abandono. Ó remate do seu percorrido e paso por meta, volverán para a ZC.**

**• O corredor debe respetar a propiedade privada, o mobiliario urbano e non pasar por zonas prohibidas.**

**• Tanto organizadores como competidores están obrigados a respetar o medio natural.**

**• Poderán ser descalificados os corredores que cometan irregularidades antes, durante ou despois da proba.**

**•Haberá observadores comprobando que se cumpren as normas.**

## XURADO TÉCNICO:

**•O xurado técnico estará constituido polo director da proba, o coordinador do deporte escolar do Club Fluvial de Lugo, e un membro do Servicio Provincial do Deporte Escolar. Resolverá as posibles reclamacións, segundo as súas normas e as normas vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia (Regulamento de Liga FEGADO 2015) para o deporte de orientación.**

## Organizan:

## Patrocina:

## Colabora:

# CAMPIONATO ESCOLAR PROVINCIAL DE LUGO 2015

## MAPA PARCIAL modelo de COMPETICIÓN





# CAMPIONATO ESCOLAR PROVINCIAL DE LUGO 2015

## deporte de Orientación




**PISTAS DE ATLETISMO**
**“As Pedreiras”**
**CAMPUS**
**UNIVERSITARIO**